



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía aplicada ao turismo

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Economía aplicada ao turismo | | | |
| Código | O04G240V01301 | | | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Vázquez Rodríguez, María Xosé | | | |
| Profesorado | Vázquez Rodríguez, María Xosé | | | |
| Correo-e | maxose@uvigo.es | | | |
| Web | http://https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=10537 | | | |
| Descrición xeral | Economía Aplicada ó Turismo é unha materia básica que se imparte no primeiro semestre do Grao en Turismo. | | | |

Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales aproximadamente 50 son actividades presencias, mentres que o resto serán actividades non presenciais.

A lingua de impartición será o galego.

Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento das técnicas e da área de estudo da Economía Aplicada, con especial fincapé no papel do sector turístico nas economías actuais.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información |
| B2 | Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición |
| B3 | Capacidade para interpretar criticamente datos e texto |
| B5 | Capacidade de comunicación oral e escrita |
| B7 | Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual |
| B8 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado |
| B10 | Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións |
| C1 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles. |
| C2 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto de políticas públicas, estrutura e evolución dos mercados turísticos: relacións nacionais e internacionais. |
| C10 | Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo |
| D3 | Creatividade |

| Resultados previstos na materia | | | |
|---|---------------------------------------|---|-----------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española, da importancia do sector turístico dentro da mesma. | eA1 A2 A3 | B1 B3 | |
| Acceder ás fontes estatísticas e bibliográfica da Economía Mundial e de España, así como do sector turístico enmarcado no seu contexto económico. | | B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 | C2 |
| Sintetizar información estatística no ámbito económico e social en Indicadores Económicos relevantes e interpretar indicadores. | A3 A4 | B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B10 | C2 |
| Elaboración e exposición dos resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, realización de gráficos e presentacións. | A3 A4 A5 | B2 B3 B5 B7 B8 B9 B10 | D3 |
| Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistras. | A4 A5 | B3 B5 B7 | C1 C2 C10 D3 |

Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Parte I: Introducción | A actividade económica e o crecemento económico. Crecemento e Desenvolvemento. Indicadores do impacto económico e social da actividade económica |
| Tema 1: Técnicas e instrumentos de avaliación da actividade turística. Principais fontes estatísticas e bibliográficas. | |
| Tema 2: Técnicas e instrumentos económicos de regulación. | Externalidades e fallos de mercado do turismo. Valoración. Instrumentos directos e indirectos de corrección. |
| Parte II: Economía Mundial e Turismo | Análise do crecemento nos países desenvolvidos. Factores. O mercado turístico internacional. |
| Tema 3: Os Países Desenvolvidos. | |
| Tema 4: Os Países en Vías de Desenvolvemento. | Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. Estratexias de crecemento económico. O papel do turismo como oportunidade de crecemento. |
| Parte III: Economía Española e turismo | Crecemento económico e evolución da Economía Española. |
| Tema 5: O desenvolvemento económico español. | |
| Tema 6: O Sector Público en España. | Estructura e funcións do Estado nas economías. Evolución. O papel do Sector Público no desenvolvemento turístico. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Resolución de problemas de forma autónoma | 8 | 24 | 32 |
| Actividades introdutorias | 1 | 6 | 7 |
| Prácticas con apoio das TIC | 8 | 13 | 21 |
| Lección maxistral | 18 | 22 | 40 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 10 | 12 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 4 | 20 | 24 |
| Estudo de casos | 4 | 10 | 14 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

| | |
|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Durante o curso, proporanse ao alumnado un conxunto diverso de exercicios complementarios, que poden incluír problemas de cálculo, análises de casos, lectura de artigos científicos, lectura de artigos de prensa, vídeos, etc. Estas actividades serán realizadas individualmente ou en grupo, según proceda, e contarán cunha parte non presencial, de traballo autónomo. Este tipo de exercicio require que o estudante teña acceso a Internet para acceder ás Bases de Datos Oficial, e un manexo básico de Excel (ou folla de cálculo similar). |
| Actividades introductorias | Nas actividades introductorias, presentarase a materia, os seus contidos e obxectivos, así como a planificación docente e o sistema de avaliación. Poderá realizarse algunha proba de coñecementos previos ou de comprobación da comprensión do sistema por parte do alumnado. |
| Prácticas con apoio das TIC | Nas prácticas nas aulas de informática o alumnado realizará exercicios e análises de casos nos que o alumnado aprenderá a manexar información estatística coas técnicas de análise máis habituais. Con estas prácticas o alumnado aprenderá a organizar información, sintetizar e depurar datos, construír indicadores, etc. Isto esixirá a realización de cálculos básicos (taxas de variación, números índice, etc.) e a súa representación gráfica. |
| Lección maxistral | Nas sesións maxistras, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Explicaranse as ideas centrais, do temario, con apoio de datos e ferramentas analíticas e de síntese. As sesións maxistras poderán apoiarse en problemas e análises de casos. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Asistencia e apoio ó alumnado, tanto de forma presencial como non presencial, para a realización dos problemas e exercicios plantexados para cada tema. |
| Probas | Descrición |
| Exame de preguntas obxectivas | Axuda ó alumnado para resolver dúbidas respecto dos contidos das probas tipo test, así como corrección e revisión posterior das probas (feedback para o alumnado). |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Axuda ao alumnado para orientar e resolver dúbidas respecto dos contidos de problemas e exercicios prácticos a realizar. |
| Estudo de casos | Axuda ó alumnado para plantexar cuestións, orientar na búsqueda de información e resolver dúbidas sobre os estudos de casos a realizar. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---|
| Exame de preguntas obxectivas | Realizaranse dous exames. Cada un representará o 25% da nota final da avaliación continua Consistirán na realización de probas sobre os contidos das sesións Maxistras, Prácticas de Laboratorio, Lecturas, Debates e demais exercicios complementarios propostos. | 50 | A1 B3 C1 A3 B8 C2 A4 C10 A5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Consistirán na realización de tarefas vencelladas coas prácticas que se indicarán ao longo do curso e que o alumnado deberá realizar de forma autónoma con base aos materiais dispoñibles e os contidos explicados nas clases. | 30 | A2 B3 D3 A3 B5 A4 B8 A5 B9 B10 |
| Estudo de casos | Consistirán na análise dalgún caso ou problema real baseado nos coñecementos impartidos na materia, que o alumnado deberá redactar, entregar, e presentar e defender na aula (ou de forma virtual se hai circunstancias xustificables que impidan a presentación presencial). | 20 | A1 B1 C1 D3 A2 B2 C2 A3 B3 C10 A4 B5 A5 B7 B8 B9 B10 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas posibilidades de avaliación Avaliación Continua (AC) e Avaliación Global (AG):

A) A avaliación da materia por defecto será AC .

O alumnado poderá renunciar á AC explícitamente nos prazos legalmente establecidos (mínimo un mes dende o inicio do curso ou o establecido polo centro, se o houbese).

É preciso presentarse ás dúas probas avaliábeis ou exames de preguntas obxectivas (25% da nota), e entregar e presentar o estudo de caso (20% da nota), para ter a posibilidade de ser avaliado/a mediante avaliación continua. O resto das

actividades avaliadas (resolución de problemas e/ou exercicios, 30% da nota) non entregadas non impiden ser avaliado/a por avaliación continua, pero conlevan unha nota de cero para estas entregas.

É necesario acadar unha nota mínima de 3 en cada unha das probas/exames parciais de AC e no estudo de caso para realizar a ponderación e cálculo da nota final de AC integrando as notas da resolución dos problemas e/ou exercicios (clases prácticas).

A nota mínima para aprobar a materia será un 5. Considerarase que o alumnado se ten presentado á avaliación continua cando se presente a algunha das dúas probas de avaliación (exames de preguntas obxectivas).

B) Cando proceda a AG (porque o alumno así o teña decidido e comunicado á coordinadora, porque non reúna os requisitos establecidos no apartado A para seguir AC, ou por non ter superado a AC), realizaranse un exame final, tanto na primeira oportunidade como na segunda oportunidade. En ambos casos, o exame terá dúas partes, unha con preguntas de tipo test e outra con preguntas de resposta curta/problemas sobre o contido das clases maxistras, das prácticas de aula informática, das lecturas e debates e demais exercicios e tarefas do curso. Neste caso a nota da parte test do exame constituirá o 60% da nota final e a parte de resposta curta o 40%. Esixirase unha nota mínima de 3 puntos en cada parte de cara ao cálculo da nota final. A nota mínima para aprobar a materia será un 5.

O exame correspondente a posteriores convocatorias seguirá o mesmo modelo que o exame final (de primeira e segunda oportunidade).

Os estudantes que non participen na AC nin na AG figurarán nas actas como non presentados. O alumnado que suspenda a AC e non se presenten á AG da primeira convocatoria, figurará nas actas como suspenso, coa nota obtida en AC. O alumnado que aprrobe a AC e desexe subir nota, poderá presentarse á AG en primeira convocatoria (a nota final da avaliación desta primeira convocatoria será a maior entre as obtidas na AG de primeira convocatoria e a final de AC).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso actual. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade

O horario e lugar da realización de titorías estará publicado na plataforma de teledocencia (MooVi) así como o procedemento de solicitude das mesmas.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, 12ª Edición, Civitas, 2019

Jaime Requeijo González, **Economía Mundial**, 4ª Edición rev e act, McGraw-Hill, 2017

Magadán Díaz, M. e Rivas García, J., **Estructura, Economía y Política Turística**, 1ª Edición, Septem, 2012

Todaro, Michael P.; Smith, Stephen C., **Economic Development**, 13ª Edición, Pearson, 2020

Ramón, Ana, Such, María Jesús, **La Economía del Turismo**, 9788418979248, 1ª Edición, Universidad de Alcalá, 2022

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Planificación pública do desenvolvemento turístico/O04G240V01604

Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

Planificación e dirección de espazos turísticos/O04G240V01908

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Introducción á economía/O04G240V01103

Xeografía: O turismo no mundo actual/O04G240V01104

Estatística/O04G240V01402

Outros comentarios

Nesta materia é moi recomendable a asistencia regular ás clases teóricas e prácticas. Trátase dunha materia moi extensa e que trata de perfilar un marco para a comprensión do sector turístico dentro da economía mundial e española. Por tanto, é unha materia básica útil para posteriormente profundizar nos diferentes aspectos do turismo. Recoméndase tamén a

participación nas actividades voluntarias propostas, pois ademáis de puntuar para a nota final (no caso da avaliación continua), facilitan a reflexión e comprensión de conceptos explicados ao longo do temario.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requerir reajustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir.

Asimesmo, aportarase ó alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.
